



Plan de Contixencia

Sobre as medidas adaptadas do Protocolo fronte ao Coronavirus
Curso 21-22

ÍNDICE do PLAN DE CONTIXENCIA EIM MONTE ALTO. Curso 21-22

INICIO: Actualización, responsabilidade e información.

- 1 Novo -Do protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 fronte ao coronavirus. Xunta de Galicia. Agosto 2021
- 2 Novo- Actuacións en caso de sospetita e/ou detección de caso de Coronavirus COV COV2
- 3 Obxectivos.
- 4 Sobre Medidas preventivas de limpeza e desinfección.
- 5 Medidas relativas ás nenas e nenos.
 - 5.1A chegada e acceso á escola.
 - 5.2 Tempos.
 - 5.3 Espazos.
 - 5.4 Momentos de xantar.
 - 5.5 Momentos de descanso.
 - 5.6 Medidas de hixiene na aula.
- 6 Medidas para as familias.
- 7 Medidas para o persoal da escola.
- 8 Outras persoas relacionadas ca escola.
- 9 Plan de limpeza
- 10 Anexos-Novo

Inicio

Actualizamos o protocolo a seguir na escola, engadindo textos e concretando algunha medida que durante o curso anterior foi tomada. Básicamente mantemos a organización escolar xa establecida e sobre a que xa estaba informado o conxunto das familias que renovaron praza, as familias novas e o persoal da escola.

Na cor verde o texto de nova incorporación a este Plan de contixencia.

RESPONSABILIDADE

- É responsabilidade das persoas implicadas, nais, pais, tutores e profesionais o contribuir ao cumprimento das medidas de protección encaminadas a controlar e reducir a transmisión do Covid-19.
- *Montserrat Sancho Castro é a persoa responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar coa Central de seguimento de contactos (CSC) se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.*

A INFORMACIÓN

- Asegurar que o persoal, as nais/pais, alumnado en prácticas e persoas relacionados ca actividade escolar son informados para o cumprimento das medidas adoptadas.

1- Do protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 fronte ao coronavirus. Xunta de Galicia

Actualización agosto 2021

- “Os centros educativos teñen un papel fundamental no desenvolvemento da infancia. E dada a evidencia da transmisión por aerosois e a non dispoñibilidade de vacinas na franxa de idade 0-3, aínda que a práctica totalidade do persoal das escolas xa estea vacunado faise preciso seguir mantendo determinadas medidas fronte á Covid 19 para todos os centros referidos neste protocolo.
- De cara á revisión do protocolo para o curso 2021/2022 tense en conta a situación epidemiolóxica, o avance no proceso de vacinación, a revisión da evidencia científica dispoñible e a experiencia acadada. Non obstante, hai o consenso de que os centros educativos deben permanecer abertos polo seu impacto na saúde, no benestar emocional, na equidade e no nivel educativo na infancia e adolescência”

• *Texto do documento da Xunta de Galicia.*



2- ACTUACIÓN EN CASO DE SOSPEITA E/OU DETECCIÓN DE CASO DE CORONAVIRUS SARS-COV COV₂.

2.1. Sospeita fóra do centro

No caso de que calquera persoa (alumnado, nenos e nenas usuarios, persoal docente, persoal non docente) presente síntomas compatibles de Covid-19 non deberá acudir ao centro escolar, e deberá informar desta circunstancia ao centro educativo.

Así mesmo, deberá pórse en contacto co centro de saúde ou consultorio médico nas seguintes 24 horas para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía grave. Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 881002021.

Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

No caso de que o persoal sanitario prescriba a realización dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), como pode ser unha PCR ou unha proba de detección de antíxeno, o caso sospeitoso deberá quedar en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

2- ACTUACIÓN EN CASO DE SOSPEITA E/OU DETECCIÓN DE CASO DE CORONAVIRUS SARS-COV COV₂

2.2. Sospeita no centro

Todo o alumnado, nenos e nenas usuarios, persoal docente e o persoal non docente que presente **sintomatoloxía compatible coa Covid-19 estando no centro educativo (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, dor de garganta e diarrea)** serán considerados casos sospeitosos de infección por SARS-CoV-2.

Aquelas persoas con síntomas que poidan facelo, deberán pórse unha máscara cirúrxica e abandonar o centro para dirixirse ao seu domicilio, onde deberán quedarse en illamento.

No caso da aparición dunha persoa do centro con síntomas compatibles de Covid-19, se lle facilitará unha máscara FFP2 en tanto se lle no espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba instrucións médicas, a poder ser, convenientemente ventilado.

No caso de que os síntomas aparezan en persoas que precisan ser acompañadas -é dicir, un alumno-, deberán ser trasladadas á sala habilitada para o illamento e a persoa acompañante utilizará unha máscara tipo FFP2 xunto cunha pantalla.

A sala de illamento deberá ter unha ventilación axeitada e estar provista de xel hidroalcólico, panos desbotables e papeleira de pedal. Esta situación debe ser notificada ao Responsable COVID do Centro, que deberá informar da situación á familia ou persoa de referencia do caso sospeitoso (pais, titor etc.). Esta persoa deberá presentarse no centro á maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio.

A continuación, a familia, persoa de referencia ou o propio paciente deberá pórse en contacto co centro de saúde ou consultorio médico nas seguintes 24h para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 881002021. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a situación clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

De prescribir o persoal sanitario a realización dunha PDIA, o caso sospeitoso continuará en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid-19 (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo

2- ACTUACIÓN EN CASO DE SOSPEITA E/OU DETECCIÓN DE CASO DE CORONAVIRUS SARS-COV COV₂

2.3. Caso confirmado

No caso de que a PDIA solicitada resulte positiva, o caso sospeitoso pasará a considerarse caso confirmado de Covid-19 e os profesionais sanitarios de atención primaria poranse en contacto co paciente ou a súa persoa de referencia para informar deste resultado, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas hixiénicas e de illamento.

2.4. Seguimento de contactos no centro

Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro.

Deste xeito, o Responsable Covid do Centro poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

Sempre que ao Responsable Covid do Centro se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

3-Obxectivos

- Actualizar as medidas de protección encaminadas a minimizar e controlar a transmisión do Covid 19.
- Informar das medidas adoptadas abrindo opcións continuas para favorecer a vida dos menores e do persoal.
- Contribuír de forma efectiva á redución do risco por coronavirus favorecendo unha vida escolar segura e saudable.
- Fomentar a responsabilidade e a prevención dentro e fóra da escola.
- Ser conscientes dos riscos de contaxio e como enfrontarnos a eles.
- Adoptar medidas de prevención para minimizar os riscos nos postos de traballo dunha forma equilibrada.
- Dotar á escola dos materiais de hixiene e limpeza que garanten a seguridade .
- Dar a coñecer e velar polo cumprimento das normas.
- Lograr, aplicando este protocolo, un ambiente agradable e saudable, de convivencia e relación entre persoas, no que o nenos e nenas sexan os protagonistas do día a día, e onde atopen espazo e tempo para desenvolver as súas capacidades sociais, físicas, emocionais e afectivas.

4- Sobre medidas de limpeza e desinfección.

Reforzo de limpeza. Revisión de material.

- Lavado permanente do material de xogo e uso escolar
- Limpeza do pavimento e mobiliario cun produto desinfectante.
- Selección de material e uso de obxectos de limpeza difícil.

Ventilación

- Manteremos a ventilación natural con frecuencia e sempre 15 minutos antes do comezo da actividade e ao final da xornada, mínimo 15 minutos.
- Según a temperatura ambiente renovaremos con máis frecuencia o aire do interior da escola.

Medidas adoptadas

Mantenemento de..

Limpeza e espazos

Limpeza, lavado de roupa e desinfección do material.

Reorganización de mesas para os momentos de alimentación según os grupos.

Espazos máis baleiros, con facilidade para a limpeza e o tránsito dos grupos.

Zonas de entrada con aforo limitado.

Formativas

Cursos de formación sobre o covid-19 coa participación de todo o persoal da escola.

Cursos de formación sobre temas de interese 0-3.

Xornadas formativas da Concellería de Política social para persoal de centros (2 educadoras)

Difusión e lectura da revisión do protocolo de medidas da Xunta de Galicia para escolas infantís 03

Actualización das medidas..

Educativas

Valoración das necesidades e acollida que os nenos e nenas precisan.

Proposta de vida na aula tendo en conta as condicións específicas destes cursos.

Reunións específicas para programar e organizar a escola durante as primeiras semanas.

Entrevistas coas familias e reunións de grupo.

Sanitarias

Uso de produtos e materiais de hixiene e limpeza recomendados.

Uso de mascarillas, calzas, luvas e panos na desinfección da escola.

Lavado de os materiais textís da escola, de xoguets, roupa e limpeza de mobiliario diario.

Valoración continua do estado de saúde do equipo educativo.

Realización de revisión médica antes de comezo do curso escolar.

Certificado de saúde e consulta no centro de saúde.

5-Medidas relativas ás nenas e nenos

5.1 A chegada e acceso á escola.

5.2. Tempos

5.3 Espazo

5.4 Momentos de xantar

5.5 Momentos de descanso

5.6 Medidas de hixiene

A5.1 CHEGADA E ACCESO Á ESCOLA Mantemos a organización:

A Porta aberta da entrada nos horario determinados pola escola, con acceso controlado- aforo limitado
A espera fora da escola con recomendacións de distancia de seguridade entre persoas
Uso de mascarilla obrigatorio de máscara dentro do espazo escolar.



Aforo de entrada 2 parellas : (1 adulto acompañante e 1 menor)

O espazo de entrada conta con 2 zonas, unha por parella.

Próximo a cada zona está ubicada a gaveta/caixa de referencia de cada neno/a, onde estarán dúas bolsas; unha para gardar a roupa de abrigo e outra para gardar o calzado.

Acompañantes autorizados

Con antelación debemos coñecer a persoa que recolle ao voso/a fillo/a. De esta forma evitaremos non ter que agardar e facer esperar as demais familias, comprobando os datos de autorización.

As persoas que acompañen ao persona encargada de traer o recoller o neno/a terán que agardar fóra da zona de espera para entrar.

Acceso turno para entrar

Deixaremos espazo para a saída e entrada sin estar bloqueando o acceso. Unha vez que este un espazo libre, outra persoa pode entrar.

- O adulto cambiará e gardará o calzado da rúa polo calzado da escola. O adulto deixará gardado nunha bolsa plástica a roupa de abrigo metida na caixa correspondiente xunto co calzado da rúa.

A pertenzas necesaria para o neno/a de uso na escola serán deixadas nunha zona específica e nunha bolsa plástica co nome no exterior.

- Os nenos e nenas empregaran calzado exclusivo para estar dentro da escola e saír ao patio.

O material facilitado polas familias deberá ser desinfectado antes de gardalo: envases de “toallinas”, cueiros, etc. Outras pertenzas como zapatillas, gorras, obxectos de apego, etc serán entregadas ao persoal debidamente marcadas, lavadas e pechadas en bolsas plásticas co nome por fóra.

Medidas específicas do protocolo

Organización e puntualidade na chegada á escola.
O lugar onde colocar as pertenzas do menor coñecido e ubicado.
Dinámica na entrada de saídas e entradas.
Seguridade: distancia, uso mascarilla, xel, panos, papeleira
Caixa para gardar bolsas que veñan da casa.
Bolsas, calzas, xel na zona de entrada.

Unha educadora recibirá ao neno/a.
Con preferencia a tutora de aula
Saúdos e benvida, despedida e información básica

Outras medidas

Compromiso de confirmar a saúde do menor antes de achegarse á escola.
Horario confirmado previamente de entrada e saída.
Servizos de almorzo, xantar e prolongación tempo escolar confirmado previamente.
Actualización permanente dos datos de persoas autorizadas.

Antes de saír da casa: vixilancia da saúde

O horario da escola: portas abertas

As familias poderán acceder á escola no horario acordado e a porta estará aberta para que non teñan que chamar.

A chegada á escola: horario determinado previamente cun tempo de encontro breve.

Uso da entrada-recepción

Un familiar ou adulto acompañará a cada neno/a á entrada da escola, onde unha educadora estará a recibirlles. O familiar e a educadora usarán mascarilla neste espazo aínda que a distancia de seguridade sexa cumprida.

O familiar será o responsable de quitar o calzado e gardalo, así como a roupa de abrigo que quedará colocada nun casilleiro específico sinalado

A roupa ou obxectos que veñan da casa á escola entregaranse nunha bolsa plástica co nome por fóra escrito. Esta bolsa estará pechada. En cada casilleiro deixarase calquera outra cousa que a escola quera entregar sempre nunha bolsa plástica co nome por fóra.

- **Na entrada haberá dispensadores de xel e papel dun só uso**, para a limpeza así como unha papeleira con tapa para desbotar o papel.

A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, mantendo en todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias.



Para unha chegada e entrega graduada dos nenos e nenas, pregarase **puntualidade** ás familias e o cumprimento estrito dos horarios previamente acordados, así como que manteñan a **distancia de seguridade** entre elas, agardando fóra do espazo habilitado polo centro no caso de ser necesario para evitar o incumprimento das distancias esixidas. **Só acudirá un adulto** por neno ou nena.

Durante a vixencia deste protocolo polo COVID-19 as familias **deberán permanecer na entrada** e non poderán acceder ao interior do centro agás por solicitude expresa do persoal da escola.

As familias **non deixarán agardando os carriños dentro da entrada, terán que quedar fora deste espazo. O moble para gardar sillas ten capacidade limitada, serán pregadas e gardadas dentro de sacos plásticos que cada familia terá que traer. Non garantizamos o uso e orden deste espazo, sempre será responsabilidade das familias que o utilicen.**



5.2 Os espazos

Organizamos os espazos de acordo coas medidas que se aconsellan.

Utilizamos os materiais que permiten unha limpeza con máis garantías.

A entrada da escola está acondicionada para cumprir o protocolo.

Intentamos que a actividade escolar sexa adecuada a cada espazo e tempo, valorando a posibilidade de utilizar máis dun espazo-aula ao longo da xornada. (patio-zonas comuns-aula de referencia).

5.3 Os tempos

O tempo na escola e os horarios seguen sendo os mesmos do curso 20-21 para garantir a seguridade de todos/as os/as que formamos parte da comunidade educativa.

Variacións nos horarios de xantar e descanso segundo o grupo de idade e valorando as adaptacións ás necesidades individuais puntuais.

Os horarios de entradas e saídas.

Estes horarios pasarán a ser máis concretos para que poidamos garantir a distancia de seguridade entre as persoas acompañantes.

que implican estas medidas?

Unha persoa de referencia por neno/a e sempre que poida ser a mesma, mellor. Entendemos que pode ser complicado para moitas familias.

Unha maior puntualidade no horario concreto indicado na matrícula, sen modificacións durante estas primeiras semanas e sen dúbida co cumprimento das medidas de seguridade.

A entrada de 8 a 8,50h. coa normalidade habitual. (horario con custe complementario e almorzo optativo)

A entrada será de 9 á 9,30h.



5.2 Tempos

Desta forma durante 30 minutos podemos realizar as entradas garantindo distanciamento entre a persoa que acompañe ao menor e un tempo para o encontro respectuoso. É necesario que coñezamos as vosas posibilidades de horarios e concreción do mellor momento, desta forma podemos valorar a distribución horaria para os nenos e nenas de novo ingreso.

A saída durante o mes de setembro dos nenos e nenas que non solicitan o servizo de comedor será ás 12,30h e 12:45h Para pasar ao horario de 12:45h e 13:00h según grupos.

As seguintes saídas serán para os nenos e nenas de comedor:

Saídas de 14h.

Saída de 15h.

Saída ás 16h.(horario ampliado).

5.3 espazos



<u>Entrada</u> Acceso según horarios Información Cartel Xel,panos,papeleira	Espazo de encontro, acollida Ubicación roupa e calzado Aforo máximo 3 /6 persoas.	<u>1 adulto familia, 1 neno/a e 1 educadora</u> <u>Uso de mascarilla adultos</u>
<u>Corredor- green</u> <i>Zona de almorzo primeira hora e zona de xogo</i> <i>Biblioteca e Música</i>	<u>Espazo multifunción</u> <u>Un único grupo presencial</u>	<u>2 educadora 1 persoal</u> <u>Grupo nenos/as</u>

<u>Aula grande</u> Espazo por determinar para o momento do xantar e do descanso, segundo o grupo de nenos e nenas que participen. Espazo pendente para oscurecer polo tempo de descanso Zona para lavar as mans (pendente)	<u>Espazo de xogo e actividade</u> Comedor 1-2 Descanso 1-2 Descanso 2-3 <u>Aforo máximo de non máis de 20</u>	1 ou 2 educadoras /1 persoal Uso máscara e luvas - comedor - hixiene
<u>Aula primeiros meses</u> Berces con distancia de separación Con nomes determinados Mesas para alimentación.	Espacio de actividade Alimentación Descanso grupo idade	1 ou 2 educadoras Grupo niños niñas Uso máscara e luvas - alimentación - hixiene
<u>Aula 2-3 anos</u>	Espazo de actividade	1 ou 2 educadoras Nenos e nenas Hixiena.luvas e máscara

<u>Usos múltiples</u> <u>Cocinita</u>	Zona de actividade Comedor 2-3 anos Comedor 1-2 anos	1 educadora 1 apoio Grupo nenos e nenas Función de comedor Máscara
<u>Patio</u>	xogo libre, actividade educativa Alternancia dos grupos da escola según posibilidade e organización. Espazo para comedor-grupo 1-2 ou 2-3.	2 educadoras Grupo nenos e nenas



Zona		
Cociña	Preparación de alimentos	Persoal de cociña Uso de máscara /o pantalla Luvas
Aseo personal	Hixiene	1 persoa máscara
Zona despacho	Administración y dirección	1 persona Máscara
Zonas de transito		Máscara
Escaleiras		Máscara
Corredor		Máscara

5.4 Momentos de xantar

Cada neno/a de comedor terá nunha bolsa individualizada o mandilón e babeiro.

O lavado dos mandilons e babeiros segue as decisións da ANPA Titongo para este curso escolar.

A temperatura de lavado será de 60 a 90 grados.

- É unha decisión necesaria para garantir que as relacións entre persoal e grupo son as que se están recomendando. (mínimo de relación entre grupos de idades diferentes e entre educadoras /espazos)
- A comida realizarase para o grupo da aula grande no espazo green só cos nenos e nenas que participan no servizo de comedor. O uso da zona cocinita e patio está tamén contemplado ao longo do curso.
- A alimentación dos nenos e nenas do grupo de primeiros meses será na aula correspondente. Ao longo do curso pódese ofrecer o espazo green.
- A alimentación do grupo de 2-3 anos, cacho-cole será na cocinita ou no patio,según condicións.

O refrixerio de media mañá servirase sempre de xeito individualizado para evitar que os cativos compartan utensilios.

Diversificar os lugares onde se sirvan as comidas aos nenos e nenas tentando usar os espazos con maior ventilación natural.

Manter as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor na medida do posible, para evitar o intercambio de comida

As nenas e nenos beberán por vaso ou biberón de uso exclusivo da escola, con limpeza e desinfección diaria.

Sobre a alimentación na escola

Aspectos fundamentais de seguridade e hixiene antes, durante e despois da alimentación.

- A organización dos momentos de alimentación mantén as indicacións do protocolo da consellería para escolas infantís.
- Os menús son enviados ás familias que contan con nenos e nenas no comedor, así como no blog da escola.
- Non é posible introducir alimentos de casa na escola. Excepción de alerxias, cereais e leites no grupo de primeiros meses así como en situacións especiais do ano.
- Os grupos contan cun espazo e tempo específico para este momento. Lavado de mans con auga e xabón antes e despois do xantar . Uso de mandilón individualizado e babeiro limpo .
- O persoal encargado da preparación e organización da alimentación é responsable de gardar as medidas de hixiene no espazo da cociña como en cada espazo de aula adicado o xantar.
- Limpeza persoal de mans antes e despois do momento de xantar.
- Uso de máscara e mandilóns (persoal)
- Limpeza de superficies do mobiliario antes e despois do xantar.
- Lavado a máquina do menaxe de cociña utilizado na preparación dos alimentos.
- Lavado diario a maquina da roupa do persoal de cocina e aula a temperatura 60-90 grados.

5.5 Momentos de descanso



Nos momentos de descanso, os berces ou colchonetas colocaranse mantendo a distancia de seguridade, ou ben alternando a posición dos cativos de xeito que non coincidan cara con cara.

As zonas de sono en bebés adecuaranse preferentemente cos berces debidamente protexidos cos coxíns protectores para evitar contacto entre os cativos. Estes deben ser limpados e desinfectados con frecuencia.

A roupa de cama quedará na escola a diario gardada en bolsas individualizadas nos organizadores correspondientes a cada grupo. A limpeza das sábanas é responsabilidade da familia que levará os venres a casa a lavar. A temperatura recomendada é de 60 a 90 grados.

zonas de descanso

- Aula de primeiros meses
- Aula grande: grupo 1-2 anos (berces de viaxe e colchonetas) e grupo 2-3 anos (colchonetas)
- Aula 2-3 anos, según grupo e horas de saída.

Distancia entre nenos/as e zonas diferenciadas na aula.

Cada neno/a que durme na escola, conta con dúas sábanas de uso persoal. Esta sábana entregárase os venres o cando sexa necesario para lavar na casa. O luns volverá dentro dunha bolsa plástica identificada.

5.6 Medidas de hixiene na aula

Evitarase ou reducirase ao máximo posible as interaccións e intercambios entre as nenas e nenos das distintas aulas ao longo de todos os momentos da xornada.

Incluíranse como rutinas principais as de lavado frecuente de mans con auga e xabón dentro das aulas.

Usar papel dun só uso nos cambiadores para o cambio de cueiros. Se non se pode, desinfectar a superficie do cambiador con produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade á superficie do cambiador.

Evitarase, nestes primeiros momentos, o uso de cepillo de dentes. Esta rutina incorporárase no momento no que o equipo poida garantir o uso correcto por parte dos nenos e nenas.

Para a limpeza do nariz empregaranse os panos de papel dun só uso que deben ser eliminados de forma inmediata nun contedor con tapa.

Lavado frecuente e esterilización diaria de chupetes e biberóns de uso exclusivo da escola.



Organización diaria

Zonas de lavado. Momentos de hixiene. aula grande

Papel para solicitar. Desinfectante situar zona segura.

No se usará cepillo de dentes.

Panos de papel. Contenedor con tapa

Limpeza habitual

6-MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS SOBRE A SAÚDE

As familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa antes de levalos á escola. Os e as que teñan febre (máis de 37,5°), tose ou síntomas respiratorios non acudirán aos centros. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio.

Previa á nova incorporación á escola ,as familias asinarán un documento* responsable de non ter sintomatoloxía nin ter contacto estreito con persoas con COVID-19 activo e co compromiso de comunicar calquera circunstancia que poida acaecer en calquera momento do curso a este respecto.
De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias **deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, polo que deberán** estar localizables en todo momento.

O neno sintomático dentro da escola estará acompañado en todo momento por unha persoa da escola, separado do resto dos nenos e nenas no espazo da entrada á espera da chegada dos pais.

CONTROL DE SAÚDE SOBRE O FILLO/A.

Información INTERESANTE

https://www.aeped.es/sites/default/files/recomendaciones_aep_fiebre_en_la_escuela_junio_2020.pdf

Compromiso firmado*

Certificado médico

Carta vacinas



7-Medidas para o persoal



Limpar e desinfectar frecuentemente espazos de uso común, equipamento, e utensilios (obxectos, mesas, superficies, pomos, portas, teléfonos, aparellos de música e aqueles outros con botóns como os ascensores, os teléfonos, os pasamáns, as barras de portas antipánico, billas, interruptores, etc).

Ver cadro de limpeza*

Uso de máscara. Estas estarán a disposición dos profesionais en cantidade suficiente para atender esas situacións e aquelas outras nos que se teña sospeita de que poida haber unha persoa afectada, a quen se lle facilitara unha **máscara FFP2** nun espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba axuda médica, e a poder ser, convenientemente ventilado.

Os útiles, equipos, utensilios de comida, obxectos de traballo, deberán hixienizarse tras o seu uso.

Evitar compartir alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante a comida.

Non utilizar os teléfonos móbiles durante os momentos de atención aos usuarios. Esta prohibición xa vixente, refórzase durante toda esta etapa lembrando que, en caso de precisar os teléfonos persoais durante os descansos do persoal, os aparellos estarán debidamente desinfectados antes e despois do seu uso. Evitarase, da mesma forma, a utilización por parte dos profesionais de obxectos persoais durante a xornada laboral.



Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene en aulas e zonas comuns. (xel, panos, papeleiras, luvas, delantais..)

*Intensificaranse as frecuencias de limpeza de elementos mais comunmente usados e tocados, sobre todo nos momentos de entrada e saída de usuarios e usuarias ao centro. Ver cadro de limpeza**

Utilización de produtos desinfectantes e lixivia rebaixada

Ventilación moi a miúdo ao longo do día.

O persoal de limpeza extremará a limpeza en todas as zonas da escola

O persoal presta especial atención a estas tarefas e reforzaranse as medidas de limpeza en todo momento e en especial no de entrada e saída.

Outras medidas relativas ao persoal

Tómanse as medidas organizativas pertinentes de cara á distribución do persoal en función dos criterios consensuados polo equipo, así como dos diferentes momentos da xornada, e reparto das tarefas.

Organízase as entradas e saídas con tempo previo suficiente para organizar as recollidas e entregas dos nenos e nenas e a súa condución ata as aulas.

Limitáanse as tarefas que impliquen contacto entre o persoal concorrente nos diferentes espazos, momentos e rutinas diarias, como a coincidencia co persoal de limpeza.

Valorarase a prevención do estrés laboral a través da formación e pautas de actuación claras ante posibles situacións que o ocasionen.

Refórzase a prevención de riscos propios da actividade coa implementación dos produtos de desinfección, limpeza e EPIS que se sinalen para cada tarefa.



Os traballadores e traballadoras preferentemente quitarán o calzado da rúa á súa chegada ao centro, no espazo convido para esta medida, desinfectarano e gardarano nunha bolsa de plástico, de xeito que se minimice a circulación polos espazos comúns de uso diario de nenos, nenas e do persoal co calzado exterior (en caso de non proceder deste xeito, polo menos usaranse calzas para o acceso)..

A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro.

En ningún caso se virá da casa con ela posta.

Ao final da xornada lavarase conforme ás normas xerais establecidas polas autoridades sanitarias, de xeito preferente no centro.

Non procede nin á entrada nin á saída do centro ir vestidos coa mesma roupa.



8-Outras persoas relacionadas ca escola.

Mercadorías

- Non se permite a entrada de ningún proveedor dentro das instalacións que non sexa autorizado.
- Os responsables de empresas de subministración de materiais serán os encargados de estibar as mercadorías de peso considerable nos lugares indicados, gardando as distancias sociais recomendadas e poñendo as medidas necesarias que garantan a limpeza das subministracións, aparellos e ferramentas, atendendo sempre as indicacións do persoal do centro

Reparacións e Limpeza.

- Entrada fóra de horario escolar, cas medidas de seguridade e hixiene do protocolo.

Alumnado en prácticas.

Seguen as mesmas medidas que o persoal da escola.

9-Plan de limpeza

	Aulas	Entrada	Zonas comúns	Aseos y baños	cocinita	despacho
Pavemento	Diario	Diario	Diario	Dúas veces pezas.	Diario	Semanal
Superficies do mobiliario	diario	Despois de cada entrada e saída	diario	Dúas veces pola mañá e unha pola tarde	Despois de uso	Diario
Materiais non didacticos	Diario según uso	Diario	Diario	-----	Diario	Diario
Pomos,barras,pasamáns	Despois de cada momento de Porta Aberta	Despois de cada momento de Porta Aberta	Dúas veces	Dúas veces	Dúas veces pola mañá e unha pola tarde	Diario
Xoguets e obxectos de xogo	Diario	-----	Diario	-----	Diario	-----
Cunas	semanal	-----	-----	-----	-----	-----
Outro mobiliario	Semanal	Diario	Diario	Diario		Diario

	Patio		Zona exterior entrada	Escaleras cachocole	Cambiador	Baño persoal	Zona prepa-ración biberóns e almozos	
Xoguetes	Diario		Diario	-----	Diario e limpeza despois de cada cambio.	Diario	Diario	
Contos	Os contos escollidos para ler.		----- -----	-----	----- -	-----	-----	
Material musical	Os instrumentos utilizados.		----- -----	-----	-----	-----	-----	
Aparatos música	Diario		----- -----	-----	-----	-----	-----	
Ordenador teclado	Dúas veces.		----- -----	-----	-----	-----	-----	
Fiestras	-----		Unha vez ao mes.	Unha vez o mes	-----	-----	-----	
Pavemento	Cada vez que sexa necesario		Diaria	Semanal	Semanal	Diario	Diario	

Anexos

Xunta de Galicia



Agosto de 2021

